



CONCELLO DE CAMARIÑAS

ANUNCIO DO CONCELLO DE CAMARIÑAS DE PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DUN/DUNA TÉCNICO/A DE IGUALDADE

Obxecto: A selección dun traballador/a para cubrir un posto de técnico/a de igualdade ao abeiro da subvención concedida pola Excm. Deputación Provincial de A Coruña (Convocatoria de subvencións a Concellos para desenvolvemento de servizos sociais e política de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero).

Modalidade de contrato: A modalidade do contrato é a regulada polo art. 15.1 a) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, contrato de duración determinada a tempo completo (obra ou servizo determinado).

Requisitos dos aspirantes: Os establecidos na base 3ª das reguladoras da convocatoria aprobadas por Decreto da Alcaldía de data 22 de agosto de 2011.

Procedemento: Concurso de méritos.

Presentación de instancias.- Prazo: Des días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no taboleiros de anuncios do Concello e no diario "La Voz de Galicia"

Lugar: As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello en horas de oficina, ou nos termos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e neste caso os concursantes deberán comunicalo mediante telegrama ou telefax durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias, de conformidade co disposto na base 4ª da convocatoria.

Lugar de obtención de información: Concello de Camariñas, Praza de Insuela, núm. 57 - 15123 Camariñas (A Coruña).

Camariñas, a 22 de agosto de 2011-08-23

O Alcalde, Asdo.: Manuel Valeriano Alonso de León.

LA 002 25/08/2011